

UN FALAR

O silencio da arquiteira

11/09/2010 - **María Xesús Nogueira**

AO TEMPO QUE OS DÍAS do verán comezaban a acenar signos de despedida, marchaba para sempre Olga Gallego. Os medios de comunicación facíanlle oco a unha necrolóxica na que se salientaban a entrega e a valía intelectual de quen dedicara os últimos anos da súa vida profesional á dirección do Arquivo Provincial de Ourense, a cidade onde nacera en 1923. Non obstante, a nova axiña se foi agochando entre os trazos grosos dunha actualidade que naqueles días recuperaba a morosidade estival, e a arquiteira retornou, desta vez sen volta, ao silencio que lle era propio: o do seu oficio, afastado de focos e de estrados, as máis das veces invisíbel.

Logo de se licenciar en Filosofía e Letras, Olga Gallego ingresou no corpo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos. Deste xeito comezaba a súa dedicación definitiva á catalogación, coa que xa tomara contacto no Arquivo Diocesano da cidade. Entre os traballos desenvolvidos á fronte de diferentes institucións cómpre destacar o da organización dos fondos da Fundación Penzol, por resultar indicativo do labor de recuperación da cultura galega levado a cabo ao longo da súa vida. Alén disto, Olga Gallego é autora dunha importante obra de investigación histórica que ten como obxecto a provincia ourensá. Á dirección de arquivos e outros colectivos hai que engadir a súa presenza en órganos como os padroados da Fundación Penzol e Ramón Otero Pedrayo, feito que non deixa de resultar insólito nunha sociedade que excluíu a muller de espazos públicos e proxectos intelectuais.

Olga Gallego foi tamén membro da Real Academia Galega desde 1986, data na que leu o seu discurso de ingreso «As barcas e as barcaxes da Provincia de Ourense no Antigo Réxime». Os caprichos do destino —o falecemento de Francisca Herrera Garrido antes de ler o seu discurso— convertérona na primeira muller académica. O androcentrismo, nunha das poucas até o momento. Ben o sabía outra das elixidas, Xohana Torres, cando no seu acto de ingreso lembraba a implicación nel de numerosas escritoras que irromperan con forza había tempo na literatura galega, e reivindicaba a súa presenza mediante unha afirmación que polo de agora non foi máis alá da desiderata: «Estaremos, pois, a agardalas».

A Academia deu nos últimos tempos algunhas mostras de renovación nas que nos gustaría ver un compromiso firme por salvar a institución do estancamento histórico, así como do abismo que a separa da sociedade e dunha boa parte do mundo cultural. O novo escenario —no que tomou posición ante o decretazo e buscou nas marxes o autor das Letras Galegas— semella óptimo para unha mudanza na escolla dos seus membros. Ademais de xusta, a incorporación de mulleres á Academia sería unha fermosa homenaxe ao silencio último da arquiteira.